BASES DA PARTICIPACIÓN DE FIGURANTES INFANTÍS NA CABALGATA DE REIS DO CONCELLO DE CULLEREDO 2027

1.- Obxecto

O servizo de dinamización social pretende regular coas presentes bases a participación de figurantes infantís na Cabalgata de Reis do Concello de Culleredo, que se celebrará o 5 de xaneiro de 2027.

2.- Participantes

Pódense inscribir todos os nenos e nenas que, na data do 1 de xaneiro de 2027, teñan unha idade comprendida entre os 8 e os 10 anos. O total de prazas ofertadas será de 50. Terán preferencia os nenos e nenas empadroados/as no Concello de Culleredo.

3.- Inscrición

O período de inscrición de solicitudes será desde as 9.00 h do 23 de novembro ata as 00.00 h do 2 de decembro de 2026. Haberá que facer unha solicitude por cada un dos/as nenos/as que queran participar. No caso de irmás ou irmás, igualmente haberá que presentar unha solicitude por cada un/unha.

As solicitudes formalizaranse a través da sede electrónica do Concello de Culleredo (https://sedeelectronica.culleredo.es) achegando o impreso de participación que se pode descargar na páxina web. Para calquera información adicional as persoas interesadas pódense poñer en contacto co servizo de dinamización local no número de teléfono 981.664204.

O 7 de decembro publicarase a lista provisional de admitidas/os no taboleiro do CM Pablo Picasso. O día 11 de decembro publicarase no dito taboleiro a lista definitiva. No caso de que houbera máis solicitudes que prazas procederase á realización dun sorteo.

4.- Sorteo

Realizarase o sorteo das prazas o 15 de decembro, ás 11.00 h, no Centro municipal de Formación Pablo Picasso. A cada unha das solicitudes debidamente cubertas asinaráselles correlativamente un número, que será o que se teña en conta para o sorteo de adxudicación de prazas. No sorteo sacarase un número ao chou a partir do cal se fará a composición das diferentes carrozas, comezando polas tres reais e continuando coas de animación. Polo tanto ese día xa queda fixado que carroza lle corresponde a cada figurante, e non se poderán realizar cambios.

Unha vez finalizada a adxudicación, comunicaráselles aos figurantes mediante un correo electrónico a información necesaria para recoller o vestiario dos figurantes indicando o lugar, o día e a hora.

Unha vez cubertas as prazas dispoñibles, crearase unha listaxe de agarda para cubrir posibles baixas ou novas necesidades. Se algún dos figurantes admitidos non puidera participar na cabalgata, deberao comunicar no Centro municipal de formación Pablo Picasso mediante correo electrónico a turismo@culleredo.es o antes posible para que poda ser sustituído/a pola persoa que, por rigorosa orde conste na lista de agarda.